



En Ourense, a 28 de novembro de 2016

A Xunta Directiva da Asociación de Técnicos en Emerxencias Sanitarias de Galicia "Tesgalicia.info" con CIF: G-32454001,

EXPON

Que ante a agresión sufrida polo Persoal Sanitario: Médico, Due e Técnicos en Emerxencias Sanitarias, o pasado venres 25 na localidade coruñesa de Cee, queremos mostrar a nosa repulsa e condena ante os feitos acontecidos e o noso apoio aos profesionais sanitarios citados.

Temos que lembrar que, os profesionais sanitarios acoden a auxiliar e a prestar asistencia sanitaria ás persoas que o necesitan, polo que baixo ningún concepto pode consentirse que sexan agredidos física e/ou psiquicamente.

Calquera destas agresións son consideradas un delito por atentado contra a autoridade, en aplicación do artigo 550 do Código Penal.

Dende Tesgalicia, poñémonos a disposición dos compañeiros afectados para asesoralos neste grave incidente.

A Xunta Directiva.

Jose A Bello Malavé
Presidente Tesgalicia.info